

50

La Voz de Galicia

Cultura

A AELG premia aos concellos organizadores do Blanco Amor

La Voz

REDACCIÓN | A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) dedicará este ano unha homenaxe aos concellos que participan no desenvolvemento do Premio Blanco Amor de Novela Longa. A AELG creou no ano 2004 a homenaxe *Os bos e xenerosos* como xeito de recoñecer un escritor ou un colectivo que contribuíse a unha maior difusión pública da cultura galega polo seu compromiso.

O acto de homenaxe aos concellos abrirase mañá sábado a mediodía no salón de actos do Museo do Pobo Galego en Santiago coa intervención musical de Xavier Díaz. Intervirán o alcalde de Redondela, primeiro concello que organizou o Premio Blanco Amor, e a concelleira de Cultura de Poio, vila que o acolle este ano.